# PROGRAMACIÓN DO BIBLIOCASTELO
# MES DOS LIBROS E DAS LETRAS GALEGAS

**Venres 13 de abril:** Contacontos a cargo de Antón Lamapereiro: "A que sabe a lúa", "Nadarín" e "Elmer"

**Luns 16 de abril:** Contacontos de Inacio Vilariño por cortesía do Consorcio Editorial: "Contos de burros"

**Venres 20 de abril:** Visita de Fina Casalderrey para o 2º ciclo de Primaria para falar dos libros "O misterio dos fillos de Lúa" e "Dúas bágoas por máquina"

**Martes 15 de maio:** Visita de Fina Casalderrey para o 3º ciclo de Primaria para falar dos libros: "A lagoa das nenas mudas" e "Un misterio na mochila de Alba"

**Xoves 24 de maio:** Visita de Fina Casalderrey para o 1º ciclo de Primaria para falar do libro: "Quen me quere adoptar?"

**Xoves 10 de maio:** Concerto didáctico en inglés para 6º de Primaria en Vigo a cargo de Dani Griffin.

**Mércores 16 de maio:** Saída do 1º ciclo ao teatro en Vigo para ver a obra en inglés "My family, my friends and me" traballada na aula.

## Ao longo do mes de abril:

1. Traballaremos a figura de Xosé Neira Vilas ao que adicaremos un mural na entrada do cole no que se irán colocando traballos que se vaian realizando.

1. Levaremos a cabo unha actividade "Cal é o teu libro preferido?" a proposta da nosa mascota na que o noso alumnado tera que amosar as súas preferencias lectoras.

## Ao longo do mes de maio:

1. Concurso: "Que sabes de... Valentín Paz Andrade?" para descubrir e coñecer a vida e obra do autor homenaxeado este ano nas letras galegas.

1. Apadriñamentos e amadriñamentos lectores para compartir ao aire libre os nosos libros preferidos.

## Ademais:

Durante estes dous meses faránse lecturas dirixidas dos libros "El lazarillo de Tormes" e de "Memorias dun neno labrego" de Xosé Neira Vilas no 3º ciclo en edicións adaptadas.

Poremos a disposición de todo o profesorado os materiais referidos a Valentín Paz Andrade cos que contamos para o seu emprego nas aulas.